



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA: LINGUA GALEGA

CURSO: 4º DE PRIMARIA

TITORAS: M^a Margarita Andrés Pérez (4ºA)

Carmen Vázquez Barreiro (4ºB)

ANO ACADÉMICO: 2020-2021

ÍNDICE

1. CONTEXTO (p.3.)
 - 1.1 Centro
 - 1.2 Alumnado
2. OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO (p.5)
3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS (p.6)
 - 3.1 Plan de reforzo e recuperación da materia do curso 19/20
 - 3.2 Contidos
4. METODOLOXÍA PRESENCIAL (p.14)
 - 4.1 Aspectos Xerais
 - 4.2 Estratexias metodolóxicas
 - 4.3 Exemplo de secuenciación de traballo na aula
 - 4.4 Outras decisións metodolóxicas
 - 4.5 Agrupamentos
 - 4.6 Tempos
 - 4.7 Espazos
5. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL (16)
 - 5.1 Plataforma de ensino
 - 5.2 Plataforma de comunicación co alumnado
 - 5.3 Plataforma de comunicación coas familias.
 - 5.4 Aspectos xerais de metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade.
 - 5.5 Aspectos xerais de metodoloxía e empregar en alumnado sen conectividade.
6. AVALIACIÓN (p.18)
 - 6.1 Avaliación Inicial
 - 6.2 Avaliación Contínua
 - 6.3 Criterios de avaliación
 - 6.4 Criterios de promoción do alumnado
7. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE (p.37)
8. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE (p.37)
9. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (p.39)
10. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (p.40)
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (p.43)

1. CONTEXTO

1.1CENTRO

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria Humberto Juanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez N° 2, CP 36350. Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiás

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria. O alumnado pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

1.2 ALUMNADO

Aula de 4ºA

Un total de 21 alumn@s: 10 nenos e 11 nenas.

Aula de 4ºB

Un total de 20 alumn@s: 9 neno e 11 nenas.

Poboación inmigrante:

Non temos alumnado inmigrante no 4º nivel.

Alumnado con NEAE no curso actual:

En 4ºA: un neno con trastorno na linguaxe non verbal, e cinco nen@s con dificultades de aprendizaxe. Este alumnado recibe o apoio da especialista de P.T.

En 4º B: unha nena con neuropatía auditiva, outra con dificultades de aprendizaxe e un neno con retardo do desenvolvemento por condicións persoais e familiares. Estes alumn@s reciben o apoio da especialista de P.T.

Outras características:

Son uns grupos bastante cohesiónados, aínda que naturalmente hai grupos de preferencia.

Teñen en común a “imperiosa necesidade” de falar moito, o que fai deles grupos moi participativos. O respecto polo alumnado diferente está establecido con normalidade.

2. OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

3.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Segundo a adaptación feita no terceiro trimestre do curso anterior, o alumnado non ten ningún estándar imprescindible pendente de traballar e avaliar. Quedaron sen traballar algúns estándares que serán traballados este curso xa que aparecen incluídos pero con máis profundidade.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

3.1 CONTIDOS 1ª, 2ª e 3ª AVALIACIÓN

LINGUA GALEGA 4º CURSO

UNIDADE DIDÁCTICA	CONTIDO	Material de referencia	Temporalización
BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL: FALAR ESCOITAR			
En todas as unidades didáctica traballadas no curso	<p>B1.1. Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral, específica e relevante, sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun breve resumo.</p> <p>B1.2. Uso guiado de documentos audiovisuais para obter e relacionar informacións relevantes para aprender.</p> <p>B1.3. Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates).</p> <p>B1.4. Actitude de escoita e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Uso das TIC de maneira habitual. · Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións. · Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos. · Materiais e recursos manipulativos. 	

BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

<p>En todas as unidades didáctica traballadas no curso</p>	<p>B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte e regras de xogos.</p> <p>B2.2. Comprensión de información xeral en textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.</p> <p>B2.3. Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descrições, instrucións e explicacións).</p> <p>B2.4. Interpretación de esquemas, gráficos e ilustracións relacionadas co contido principal do texto que acompañan.</p> <p>B2.5. Subliñado e resumo da información relevante dun texto sinxelo adecuado ao seu nivel.</p> <p>B2.6. Iniciación ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).</p> <p>B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter informacións relevantes para realizar as súas tarefas.</p> <p>B2.8. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos en galego adaptados aos seus intereses.</p> <p>B2.9. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.</p> <p>B2.10. Coñecemento do funcionamento da biblioteca da aula e do centro, así</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Uso das TIC de maneira habitual. · Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións. · Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos. · Materiais e recursos manipulativos. · Uso das actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc., do contorno Celmedixital: smcelmedixital.com. · Uso do contorno Celmedixital para a interacción profesor-alumno de maneira individualizada. 	<p>1º, 2º, 3º trimestre</p>
--	---	--	-----------------------------

	<p>como as virtuais e participación en actividades literarias.</p> <p>B2.11. Mantemento adecuado e ampliación da biblioteca persoal.</p> <p>B2.12. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias.</p> <p>B2.13. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.</p>	<p>-Recursos da biblioteca do centro.</p> <p>-Libros de texto</p>	<p>1º,2º,3º trimestre</p>
<p>BLOQUE 3: COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR</p>			
<p>En todas as unidades didácticas do curso</p>	<p>B3.1. Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor.</p> <p>B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións..., de acordo coas características propias destes xéneros.</p> <p>B3.3. Composición de textos de información sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia, en situacións reais ou simuladas.</p> <p>B3.4. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións).</p> <p>B3.5. Creación de textos sinxelos utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p> <p>B3.6. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.</p> <p>B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais sinxelos, para facilitar a</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Uso das TIC de maneira habitual. · Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións. · Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos. · Materiais e recursos manipulativos. · Uso das actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc., do contorno 	<p>1º,2º,3º trimestre</p>

	<p>comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) e ilustrar o seu contido.</p> <p>B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.</p> <p>B3.9. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención, de reelaboración da información e dos coñecementos.</p>	<p>Celmedixital: smcelmedixital.com.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Uso do contorno Celmedixital para a interacción profesor-alumno de maneira individualizada. · Recursos da biblioteca do centro. -Libros de texto 	<p>1º,2º,3º trimestre</p>
BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA			
<p>En todas as unidades didácticas do curso</p>	<p>B4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente e futuro).</p> <p>B4.2. Aplicación xeral das normas ortográficas, apreciando o seu valor social.</p> <p>B4.3. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.</p> <p>B4.4. Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.</p> <p>B4.5. Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Uso das TIC de maneira habitual. · Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións. · Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos. · Materiais e recursos manipulativos. · Uso das actividades 	<p>1º,2º,3º trimestre</p>

	<p>B4.6. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...), en relación coa composición de textos.</p> <p>B4.7. Identificación intuitiva do verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, así como dalgúns papeis semánticos do suxeito.</p> <p>B4.8. Uso do dicionario, en papel ou electrónico, con certa autonomía.</p> <p>B4.9. Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas básicas, en relación coa comprensión e coa produción de textos.</p> <p>B4.10. Valoración da lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.</p> <p>B4.11. Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias.</p>	<p>interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc., do contorno Celmedixital: smcelmedixital.com.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Uso do contorno Celmedixital para a interacción profesor-alumno de maneira individualizada. -Recursos da biblioteca do centro. -Libros de texto 	
BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA			
<p>En todas as unidades didácticas do curso</p>	<p>B5.1. escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.</p> <p>B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.</p> <p>B5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses.</p> <p>B5.4. Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil,</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Uso das TIC de maneira habitual. · Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións. · Recursos audiovisuais, prioritariamente o 	<p>1º, 2º, 3º trimestre</p>

	<p>adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.</p> <p>B5.5. Lectura guiada de poemas, de relatos e de obras teatrais sinxelas recoñecendo as características dalgúns modelos.</p> <p>B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.</p> <p>B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de situacións de textos literarios adaptados á súa idade.</p> <p>B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.</p> <p>B5.9. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.</p> <p>B5.10. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.</p>	<p>uso de fotografías e vídeos sinxelos.</p> <ul style="list-style-type: none"> · Materiais e recursos manipulativos. · Uso das actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc., do contorno Celmedixital: smcelmedixital.com. · Uso do contorno Celmedixital para a interacción profesor-alumno de maneira individualizada. <p>-Recursos da biblioteca do centro.</p> <p>-Libros de texto</p>	<p>1^o,2^o,3^o trimestre</p>
--	--	---	--

4. METODOLOXÍA PRESENCIAL

4.1 Aspectos xerais

A metodoloxía levada a cabo na aula será **activa, participativa, comunicativa e inclusiva**, tendo en conta en todo momento o ritmo de aprendizaxe e as características individuais de cada alumno/a, poñendo en práctica mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. Está dirixida ó logro dos obxectivos e a adquisición das competencias clave dende a **integración das diferentes experiencias e aprendizaxes** do alumnado tendo en conta sempre os seus ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de **aprender por sí mesmos** promovendo **o traballo en equipo e colaborativo**.

Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas e potenciarase o uso das tecnoloxías da comunicación como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

4.2 Estratexias metodolóxicas

As estratexias metodolóxicas que guiarán a nosa práctica docente basearanse nos **principios metodolóxicos comúns a todas as áreas** concretados no artigo 15 do Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo de educación primaria en Galicia. Fai especial fincapé nos seguintes aspectos.

- Especial **atención á diversidade** e á detección de dificultades de aprendizaxe, para aplicar mecanismos de reforzo (organizativos ou curriculares).
- Participación activa e inclusiva**, dirixida ao logro das competencias clave.
- Desenvolvemento de actividades relacionadas coa **resolución de problemas da vida real**.
- Estratexias para **o desenvolvemento de comprensión lectora**, como un factor fundamental no proceso de aprendizaxe. Un dos eixes da educación durante a aplicación e desenvolvemento da actual lexislación é o fomento da lectura.

-Deseño e posta en práctica de **actividades de aprendizaxe integradas**, que permitan avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4.3 Exemplo de secuenciación de traballo na aula

-Activación de coñecementos previos.

-Tarefas e proceso de **investigación** do alumnado sobre os contidos da unidade co apoio de exposicións da mestra e diversos recursos (multimedia, biblioteca escolar, libro de texto...).

-Descubrimento, comprensión, interiorización, conexión e posta en práctica das aprendizaxes a través da proposta de diversas tarefas (esquemas, resumos, murais, traballos de investigación, exposicións, traballos manipulativos, saídas didácticas, talleres, ...).

-Avaliación do proceso de aprendizaxe e dos contidos adquiridos do alumnado en cada unidade.

4.4 Outras decisións metodolóxicas.

Tomaranse as decisións metodolóxicas oportunas según as necesidades do alumnado e tendo en conta a situación da pandemia en cada momento.

4.5 Agrupamentos:

Na aula acostumábase a traballar con distintos tipos de agrupamentos (por parellas, pequenos grupos...) buscando dar resposta aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, o compañerismo, autonomía, etc . Pero debido a situación de pandemia e segundo o protocolo covid, este curso se traballará con agrupamento:

-Individual: Permite detectar dificultades, respecta ritmos e estilos de aprendizaxe...

-Gran grupo: participa toda a clase na actividade en cuestión. É o agrupamento perfecto para tratar contidos de carácter actitudinal, para realizar debates, choiva de ideas... e deste modo coñecer o punto de partida e evolución do grupo.

4.6 Tempos.

A duración de cada unidade estenderase aproximadamente ao longo de dúas semanas, excepto aquelas que precisan de maior profundización.

4.7 Espazos.

Aula, espazos comúns do centro, en especial, a aula de informática.

5. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

5.1 Plataforma de ensino

Aula Virtual a que teñen acceso a través da web do colexio.

5.2 Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia.

Webex, sempre que a dotación informática persoal do docente e do alumnado o permita.

5.3 Plataforma/medio de comunicación coas familias.

Abalar Móbil, correo electrónico e, de ser necesario, a través do teléfono.

5.4 Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:

-Proposta semanal de traballo indicando as **tarefas** para cada día **segundo o horario da aula** e ofrecendo os recursos necesarios para o seu desenvolvemento (videochamadas, enlaces de vídeos explicativos e informativos, arquivos con material de traballo en pdf/word, webs, actividades interactivas, fotografías...).

-Corrección de tarefas por parte do profesorado e **autocorrección por parte do alumnado** guiado polo profesorado.

-Avaliación do proceso e da adquisición das aprendizaxes e **información** da mesma ao alumnado e familias.

Toda esta metodoloxía a través da aula virtual.

5.5 Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:

-Comunicación da proposta semanal de traballo **a través do medio que acorden o docente e as familia.**

O docente poderá, de ser necesario, **adaptar as tarefas semanais deste alumnado tendo en conta a non conectividade**, eliminando actividades interactivas e as que requiran o manexo de recursos aos que non ten acceso (videos, webs...).

-Entrega de tarefas do alumno a través do medio que acorden familia e docente.

-Corrección de tarefas por parte do profesorado (a través do medio que acorden) e **autocorrección por parte do alumnado** guiado polo profesorado.

-Avaliación do proceso e da adquisición das aprendizaxes e **información** da mesma ao alumnado e familias a través do medio que acorden.

6 AVALIACIÓN

6.1 AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización: ao longo do mes de setembro.

Tipo de proba (descripción): a través de actividades orais e escritas para recabar a información necesaria sobre os coñecementos do alumnado en relación aos contidos fundamentais do pasado curso nesta área.

Mecanismo para informar ás familias: a través de Abalar Móbil e se é necesario mediante entrevista ou comunicación telefónica.

Consecuencias dos resultados das probas: : reforzo individual ou do grupo nos contidos necesarios.

6.2 AVALIACIÓN CONTINUA

-Proba escrita tipo exame cada dúas unidades. No caso en que a titora o considere, poderá substituír algunha proba escrita pola entrega de tarefas acordadas ou probas orais. Tamén utilizaranse como instrumentos de avaliación continua: outras probas escritas (caderno de clase, ditados, redacción, textos libres, fichas de repaso), probas lectoras (compartidas, en voz baixa, en voz alta) probas orais (exposicións, debates, presentación, charlas).

-As probas e as tarefas cualificaranse cuantitativamente, segundo o especificado previamente ao alumnado en cada caso.

-Valorarase o esforzo e traballo diario do alumnado na realización das tarefas, así como a súa actitude, interese e comportamento cos demais e co profesorado. Para a recollida desta información utilizaranse a observación directa e anotacións no caderno do profesor/a.

-Ponderación segundo o peso de cada estándar e redondeo da nota segundo a Orde de avaliación para primaria.

6.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

LINGUA GALEGA 4º							
Criterio de avaliación	ESTÁNDARES PESO %	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	1ºT	2ºT	3ºT	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	C.C.
Bloque 1: Comunicación oral: falar e escoitar							
LG-B1.1	4º-LGB1.1.1 - Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo. Peso: 1.01%	Comprende as ideas principais dun texto	X	X	X	- Probas orais (exposicións, debates, presentacións).	CCL CAA
LG-B1.1	4º-LGB1.1.2 - Elabora un breve resumo dun texto oral. Peso: 1.01%	Fai un resumo	X	X	X		CCL CSC
LG-B1.2	4º-LGB1.2.1 - Accede de xeito guiado a documentos, audiovisuais e dixitais para obter a información necesaria para realizar traballos ou completar información. Peso: 1.01%	É quen de acceder a un documento dixital	X	X	X		CCL CD CAA CSC
LG-B1.3	4º-LGB1.3.1 - Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.	Participa nunha conversa entre iguais	X	X	X		CCL CAA CSC

	Peso: 1.01%						CSEIEE
LG-B1.3	4º-LGB1.3.2 - Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global. Peso: 1.01%	Sigue unha exposición da clase	X	X	X		CCL CAA
LG-B1.3	4º-LGB1.3.3 - Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso. Peso: 1.01%	Elabora textos orais	X	X	X	- Probas orais (exposicións, debates, presentacións).	CCL CSIEE CAA
LG-B1.3	4º-LGB1.3.4 - Participa no traballo en grupo, así como nos debates. Peso: 1.01%	Participa en grupo e en debates	X	X	X		CCL CSIEE CAA CCL
LG-B1.4	4º-LGB1.4.1 - Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. Peso: 1.01%	Atende aos compañeir@s ao falar	X	X	X		CCL CSC
LG-B1.4	4º-LGB1.4.2 - Respecta as opinións da persoa que fala. Peso: 1.01%	Respecta as opinións dos demais	X	X	X		CCL CSC
LG-B1.5	4º-LGB1.5.1 - Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. Peso: 1.01%	Respecta as quendas de palabra	X	X	X		CCL CSC CAA
LG-B1.5	4º-LGB1.5.2 - Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da	É consciente da posibilidade de empregar	X	X	X		CCL CSC

	<p>posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.</p> <p>Peso: 1.01%</p>	a lingua galega dentro da escola					CCEC
LG-B1.5	<p>4º-LGB1.5.3 - Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.</p> <p>Peso: 1.01%</p>	Emprega unha boa xestualidade e postura para adaptala ao discurso	X	X	X	- Probas orais (exposicións, debates, presentacións).	CCL CSC CCEC
LG-B1.5	<p>4º-LGB1.5.4 - Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume.</p> <p>Peso: 1.01%</p>	Exprésase cunha pronuncia e dicción concretas	X	X	X		CCL CSC CCEC
LG-B1.5	<p>4º-LGB1.5.5 - Participa na conversa formulando e contestando preguntas.</p> <p>Peso: 1.01%</p>	Participa na conversa	X	X	X		CCL CSC CCEC CAA
LG-B1.6	<p>4º-LGB1.6.1 - Planifica e elabora un discurso oral coherente, na secuencia de ideas ou feitos utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.</p> <p>Peso: 1.01%</p>	Elabora un discurso coherente	X	X	X		CCL CAA
LG-B1.6	<p>4º-LGB1.6.2 - Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos.</p> <p>Peso: 1.01%</p>	Elabora un discurso oral cohesivo	X	X	X		CCL
LG-B1.6	<p>4º-LGB1.6.3 - Amosa un discurso oral claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.</p> <p>Peso: 1.01%</p>	Amosa un discurso oral claro	X	X	X		CCL CCEC

LG-B1.7	4º-LGB1.7.1 - Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación. Peso: 1.01%	Elabora textos sinxelos dos medios de comunicación	X	X	X	CCL CD CAA CSIEE CSC
LG-B1.8	4º-LGB1.8.1 - Utiliza a expresividade corporal para reforzar o sentido das súas producións orais. Peso: 1.01%	Usa a expresividade corporal	X	X	X	CCL CCEC CSC CAA
LG-B1.9	4º-LGB1.9.1 - Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. Peso: 1.01%	Amosa respecto aos demais	X	X	X	CCL CAA CSIEE
LG-B1.10	4º-LGB1.10.1 - Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. Peso: 1.01%	Exprésase com pronunci e entonación	X	X	X	CCL CAA CCEC CSIEE
LG-B1.11	4º-LGB1.11.1 - Usa, dunha forma xeral, unha linguaxe non sexista. Peso: 1.01%	Usa unha linguaxe non sexista	X	X	X	CCL CSC
LG-B1.11	4º-LGB1.11.2 - Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas Peso: 1.01%	Usa unha linguaxe respectuosa	X	X	X	CCL CSC
LG-B1.12	4º-LGB1.12.1 - Identifica diferenzas fonéticas e morfolóxicas moi evidentes en textos orais caracterizados pola súa orixe xeográfica. Peso: 1.01%		X	X	X	CCL CCEC
LG-B1.12	4º-LGB1.12.2 - Valora por igual as distintas	Valora o galego en	X	X	X	CCL

